



SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL PONTEVEDRA-MORRAZO (GDR-19)

- 1 xerente (licenciado/a e/ou enxeñeiro/a superior)
- 1 técnico/a (licenciado/a e/ou enxeñeiro/a superior)
- 1 administrativo/a (bacharelato / FP II)

As bases do proceso de selección estarán expostas na páxina web www.adrproderpontevedra.org/gallego/leader e fixaranse nos taboleiros de anuncios dos Concellos de Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas do Morrazo, Cotobade, Marín, Moaña, A Lama, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa.

No prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio os/as candidatos/as deberán presentar **instancia** correspondente dirixida ao Sr. Presidente no Rexistro do Concello de Pontevedra xunto co curriculum vitae, a fotocopia do DNI e a xustificación documental dos requisitos e méritos alegados.



MINISTERIO
DE MEDIO AMBIENTE
Y MEDIO RURAL Y MARINO



FEADER:
Europa inviste no rural



BASES PARA A SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DO EQUIPO XESTOR DA ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL PONTEVEDRA – MORRAZO. (GDR-19)

APROBADAS NA XUNTA DIRECTIVA DO GDR DO 11/02/2009

Primeira.- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, regular o proceso selectivo para a contratación laboral do equipo técnico para a xestión do programa LEADER do GDR-19 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra–Morrazo dentro do marco do PDR de Galicia 2007-2013.

Segunda.- Prazas que se convocan.

As prazas que se convocan son:

- 1 Xerente (*Licenciado/a superior e/ou Enxeñeiro/a superior*).
- 1 Técnico/a (*Licenciado/a superior e/ou Enxeñeiro/a superior*)
- 1 Administrativo/a (*Bacharelato / FP II*)

O/a xerente terá dedicación exclusiva e non desempeñará cargos electos nos órganos do GDR.

Terceira.-Tipo de contrato e duración.

- *Xerente e Administrativo/a*: a contratación laboral farase baixo a modalidade temporal de obra ou servizo determinado para a xestión do programa LEADER GALICIA 2007-2013 do GDR-19 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra –Morrazo con duración máxima ata 31 de decembro de 2015.
- *Técnico/a*: a contratación laboral farase baixo a modalidade temporal de obra ou servizo determinado para a xestión do programa LEADER GALICIA 2007-2013 do GDR-19 Asociación de Desenvolvemento Rural Pontevedra–Morrazo no que atinxe as súas fases de difusión, dinamización, acompañamento a promotores e selección e seguimento de proxectos, con duración máxima ata 31 de decembro de 2014.

Cuarta.-Retribucións.

As retribucións brutas a percibir polos/as traballadores/as contratados/as serán:

- *Xerente: 36.000 euros de salario bruto anual*
- *Técnico/a: 28.000 euros de salario bruto anual*
- *Administrativo/a: 18.000 euros de salario bruto anual*

O convenio aplicable será o de oficinas e despachos.

Quinta.- Requisitos dos/as aspirantes.

Para seren admitidos/as no proceso de selección os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Ser español/a ou cidadán/á de calquera dos Estados membros da Unión Europea.
- Ter cumpridos 18 anos de idade.
- Estar en posesión de calquera dos títulos especificados na oferta de emprego.
- Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias do posto para o que se contrate.
- Non estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- Non estar incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade sinaladas na lexislación vixente.
- Carné de conducir tipo B1.
- Dispoñibilidade de vehículo propio.
- Coñecemento do idioma galego, nivel CELGA IV ou equivalente.

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos os/as aspirantes/as o día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e mantelos durante a vixencia do contrato.

Sexta.- Proceso de selección.

O procedemento selectivo constará das seguintes partes:

- Proba escrita: será obrigatoria e estará centrada:
 - Xerente: Sobre materias do proxecto de desenvolvemento rural e do PDR de Galiza 2007 – 2013, bases reguladoras e convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, normativa de subvencións e coñecemento do ámbito territorial do GDR (Concellos de Barro, Bueu, Campo Lameiro, Cangas do Morrazo, Cotobade, Marín, Moaña, A Lama, Poio, Ponte Caldelas, Pontevedra e Vilaboa).
 - Técnico/a: Sobre as bases reguladoras e convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, normativa de subvencións, materias de desenvolvemento rural, contabilidade, xestión empresarial e coñecemento básico do ámbito territorial do GDR-19.
 - Administrativo/a: Sobre as bases reguladoras e convocatoria de selección de programas de desenvolvemento rural e de entidades colaboradoras, normativa de subvencións, ofimática e coñecemento elemental do ámbito territorial do GDR-19.

Esta proba será presencial e acadará unha puntuación máxima de 50 puntos. A comisión de selección decidirá o tipo de proba a realizar e establecerá a nota de corte dos/as candidatos/as para acceder ás seguintes fases do proceso de selección, alomenos 12 persoas por posto, no caso de non existiren candidatos/as suficientes pasarían todos/as a seguinte proba.

- Concurso: no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases. A puntuación máxima será de 25 puntos.

- Entrevista persoal: Os/as candidatos/as someteranse a unha entrevista persoal que terá unha duración máxima de entre 15 e 30 minutos e que versará sobre as funcións dos postos ofertados e do seu coñecemento do territorio e do Programa de Desenvolvemento Rural 2007 - 2013 Pontevedra - Morrazo. A puntuación máxima será de 25 puntos.

Sétima- Presentación de solicitudes e procedemento de selección

As solicitudes serán presentadas no prazo de 10 días naturais a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio nun xornal de ámbito provincial. Ademais a convocatoria publicitarase a través dos taboleiros de anuncios dos Concellos do GDR-19

Os/as candidatos/as deberán presentar instancia correspondente dirixida ao Sr. Presidente da GDR Pontevedra - Morrazo no Rexistro do Concello de Pontevedra xunto co curriculum vitae, a fotocopia do DNI e a xustificación documental dos requisitos e méritos alegados.

Finalizado o prazo de presentación das instancias, a Comisión de Selección aprobará a lista de admitidos/as e excluídos/as ao proceso de selección, que se fixará no taboleiro de anuncios dos Concellos do GDR-19, concedéndose un prazo mínimo de tres días hábiles para reclamacións ou corrección de erros.

O procedemento selectivo dará comezo polo posto de Xerente, e unha vez resolto o mesmo, o/a candidato/a seleccionado/a participará como asesor/a externo/a da Comisión de Selección no proceso de selección dos postos de Técnico e Administrativo/a.

Unha vez aprobada a lista definitiva de admitidos/as, serán convocados/as os/as aspirantes para a realización da proba escrita mediante chamada telefónica e anuncio inxerido no Taboleiro de Anuncios dos Concellos do GDR-19, no que se indicará a data e lugar de celebración.

A Comisión reunirase para a valoración da proba escrita e dos méritos alegados, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Non se valorarán os méritos daquelas persoas que non se presenten a proba escrita, xa que quedarán fóra do proceso de selección, concedéndose un prazo mínimo de tres días hábiles para reclamacións.

Superada a proba escrita e a fase de concurso, os/as aspirantes serán convocados/as, para a realización da entrevista persoal, mediante chamada telefónica e anuncio inxerido no Taboleiro de Anuncios dos Concellos do GDR-19 no que se indicará a data e lugar de celebración.

A Comisión reunirase para a realización e valoración da entrevista persoal dos/as candidatos/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións finais obtidas polos/as aspirantes.

No caso de empate na puntuación final terá preferencia o/a candidato/a que obtivera maior puntuación na proba escrita; a continuación, a experiencia profesional, despois a formación especializada e por último outra formación complementaria. Se aínda así continúa o empate, procederase á realización de sorteo público para determinar o/a candidato/a que sae seleccionado/a para o posto.

A Comisión formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha lista de agarda, ordenada segundo a puntuación obtida, de xeito que, se o GDR o precisara, puideran ser contratadas sen ter que realizar un novo proceso de selección.

Oitava.- comisión de selección.

O proceso de selección do persoal levarase a cabo a través dunha Comisión específica composta por 7 membros da Xunta Directiva:

- 1 Presidente: Miguel Anxo Fernández Lores, representante do Concello de Pontevedra, suplente Luciano Sobral Fernández representante do Concello de Poio
- 1 Secretario: Perfecto Rodríguez Muíños representante do Concello de Ponte Caldelas, suplente Julio Sayáns representante do Concello de Campo Lameiro.
- 5 Vogais:

Francisco Andrés Veiga Soto representante do Concello de Marín, suplente José Luís Poceiro Martínez representante do Concello de Vilaboa.

Carmen Puga Pereiro representante da Asociación Juan XXIII, suplente Mónica García Valladares representante da Asociación de Mulleres Rurais Pedreira da Lama.

Dario Alonso Novoa representante da Asociación de Veciños Salcedo Norte, suplente Victoria Argibay Martínez representante da Asociación Cultural Meiro.

Claudio Quintillán Vallejo representante da Mancomunidade Noroeste Pontevedra Castrove – Salnés, suplente Xosé Carlos Morgade Martínez representante da Mancomunidade de Montes de Pontevedra.

Paulo Fontán Torreiro representante da Asociación Amizade, suplente Roberto Ribas representante de Viña Moraima S. Coop Galega.

Ademais a comisión de selección estará apoiada, con voz pero sen voto, por un representante de AGADER, reservándose a posibilidade, de incorporar adicionalmente persoal técnico cualificado, con voz pero sen voto, que asesore e acompañe o proceso de selección.

A Comisión non poderá actuar ou constituírse sen a presenza de polo menos 5 dos seus integrantes, titulares ou suplentes, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a.

A Comisión actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

Novena.- Concurso - Criterios de valoración. Máximo 25 puntos

Xerente

1. Formación. Puntuación máxima: 12 puntos.

- *Estar en posesión dunha licenciatura en C.C. Económicas ou Economía ou Dirección e Xestión de Empresas ou Empresariais ou dunha Enxeñaría Técnica Superior Agraria ou Forestal, 2 puntos.*
- *Segundas Licenciaturas ou Enxeñerías superiores, 1 punto.*
- Accións formativas relacionadas co; Desenvolvemento rural, Desenvolvemento local, Dirección de empresas, Xestión empresarial, Fondos europeos e Funcións específicas do posto ofertado:
 - Cursos de menos de 50 horas, 0,25 puntos por curso
 - Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 150 horas: 0,50 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas: 0.75 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 300 horas: 1,5 puntos por curso.

Máximo 2 puntos en cada unha das categorías formativas especificadas.

- Cursos de doutoramento nalguna das categorías formativas sinaladas: 1 punto. Máximo 2 puntos
- Polo coñecemento acreditado doutros idiomas. Máximo 1 punto.
 - Coñecemento acreditado de 1 idioma: 0,5 puntos.
 - Coñecemento acreditado de 2 ou máis idiomas: 1 punto.

2. Experiencia laboral*. Puntuación máxima: 13 puntos.

- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa, coordinación ou dirección de programas LEADER, PRODER ou AGADER: 0,15 puntos.

- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa xestión, de programas LEADER, PRODER ou AGADER: 0,05 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en funcións directivas en empresas, ou de coordinación de recursos humanos relacionados coa promoción socioeconómica, asesoramento a emprendedores, diagnóstico e elaboración de estratexias eta.:0,05 puntos.

* Acreditado mediante contrato e vida laboral.

Técnico/a

1. Formación. Puntuación máxima: 12 puntos.

- *Estar en posesión dunha licenciatura en C.C. Económicas ou Economía ou Dirección e Xestión de Empresas ou Empresariais ou dunha Enxeñaría Técnica Superior Agraria ou Forestal, 2 puntos.*
- *Segundas Licenciaturas ou Enxeñerías superiores,1 punto.*
- Accións formativas relacionadas co; Desenvolvemento rural, Desenvolvemento local, Dirección de empresas, Xestión empresarial, Fondos europeos e Funcións específicas do posto ofertado:
 - Cursos de menos de 50 horas, 0,25 puntos por curso
 - Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 150 horas: 0,50 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas: 0.75 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 300 horas: 1,5 puntos por curso.

Máximo 2 puntos en cada unha das categorías formativas especificadas.

- Cursos de doutoramento nalgunha das categorías formativas sinaladas:1 punto. Máximo 2 puntos
- Polo coñecemento acreditado doutros idiomas. Máximo 1 punto.
 - Coñecemento acreditado de 1 idioma: 0,5 puntos.
 - Coñecemento acreditado de 2 ou máis idiomas: 1 punto.

2. Experiencia laboral*. Puntuación máxima: 13 puntos.

- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa xestión, de programas LEADER, PRODER ou AGADER: 0,15 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en funcións técnicas en empresas, ou de xestión relacionados coa promoción socioeconómica, asesoramento a emprendedores, eta.:0,05 puntos.

* Acreditado mediante contrato e vida laboral.

Administrativo/a

1. Formación. Puntuación máxima: 12 puntos.

- *Estar en posesión dunha 2ª titulación superior a alegada, 1 punto.*
- Accións formativas relacionadas coas funcións do posto ofertado:
 - Cursos de menos de 50 horas, 0,50 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 50 horas e menos de 150 horas: 0,75 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 150 horas e menos de 300 horas: 1,5 puntos por curso.
 - Cursos de duración igual ou superior a 300 horas: 2 puntos por curso.
- Polo coñecemento acreditado doutros idiomas. Máximo 1 punto.
 - Coñecemento acreditado de 1 idioma: 0,5 puntos.
 - Coñecemento acreditado de 2 ou máis idiomas: 1 punto.

2. Experiencia laboral*. Puntuación máxima: 13 puntos.

- Por cada mes de experiencia profesional en traballos relacionados directamente coa xestión administrativa programas LEADER, PRODER ou AGADER: 0,15 puntos.
- Por cada mes de experiencia profesional en funcións administrativas en empresas ou outras entidades.:0,05 puntos.

* Acreditado mediante contrato e vida laboral.

Décima.- Proposta de contratación.

A comisión de valoración no seu caso, propondrá á Presidencia do GDR a contratación do/a aspirante que superando as fases do proceso selectivo obtivera maior cualificación total, sen que, en ningún caso, poida aprobar un número superior de aspirantes ao dos postos de traballo convocados.

Undécima.- Contrato laboral.

O/a aspirante proposto/a para a súa contratación laboral deberá presentar no prazo máximo de dous días hábiles contados dende a publicación da proposta de nomeamento no taboleiro de anuncios, a documentación acreditativa de cumprir os requisitos esixidos na base quinta desta convocatoria.

A Presidencia, de conformidade coa proposta vinculante da comisión de selección subscribirá antes do comezo da prestación do servizo, contrato laboral co/a aspirante proposto/a segundo dispón a lexislación laboral.

Duodécima.- Réxime xurídico.

A comisión de selección queda facultada para adoptar as decisións que estime pertinentes en aplicación das presentes bases para a boa marcha do proceso de selección así como para resolver cantas dúbidas poidan xurdir durante o desenvolvemento do proceso selectivo.

Pontevedra, 11 de febreiro de 2009

Asdo. Miguel Anxo Fernández Lores

Presidente do GDR Pontevedra - Morrazo

INSTANCIA SOLICITUDE PARTICIPACIÓN

D/a.....
provisto/a de DNI nº..... con enderezo en
.....nº.....andar.....
C.Postal.....Localidade.....
Concello.....Provincia.....Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra - Morrazo para a contratación dun/ha

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso e comprométome a someterme ás bases que o regulan.

AXUNTO ORIXINAIS OU COPIAS DA SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- 1º.- DNI.
- 2º.- Título ou certificado acreditativo da posesión da titulación esixida
- 3º.- Carné de conducir.
- 4º.- Acreditación coñecemento idioma galego
- 5º.- Méritos alegados.
- 6º.- Declaración responsable de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que impida o desempeño do posto de traballo, nin estar separado/a do servizo de ningunha Administración Pública, e de dispoñibilidade de vehículo propio.

Pontevedra, a de de 2009

Asdo.

SR. PRESIDENTE DO G. D. R. PONTEVEDRA - MORRAZO

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/a.....
provisto/a de DNI nº..... con enderezo en
.....nº.....andar.....
C.Postal.....Localidade.....
Concello.....Provincia.....Teléfono.....

DECLARO:

1º.- Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo.

2º.- Que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

3º.- Que dispoño de vehículo a efectos da súa utilización nos desprazamentos de traballo como do Grupo de Desenvolvemento Rural Pontevedra - Morrazo.

4º.- O/a Xerente terá dedicación exclusiva e non desempeñará cargos electos nos órganos do GDR.

Pontevedra, a de de 2009

Asdo.

SR. PRESIDENTE DO G. D. R. PONTEVEDRA - MORRAZO